

A Típula *Tipula oleracea*

🐛 Nomes comúns:

- castelán: típula de los jardines
- galego: investiga e nolo contas, eu non o atopei...aínda

🐛 Nome científico: *Tipula oleracea*

🐛 Clasificación:

- reino: *Animalia*
- filo: *Arthropoda* (= Pés articulados)
- clase: *Insecta*
- orde: *Diptera*
- familia: *Tipulidae*
- xénero: *Tipula*

Hai moitas especies, esta é unha das máis comúns, pero por exemplo a da foto de abaixo, é outra, *Tipula maxima*, unha das máis grandes, mide o dobre.

🐛 Nutrición:

- larva: herbívoras (poden ser pragas de cultivos e do céspede)
- adulto: apenas se alimenta, un pouco de néctar como moito. NON PICAN!!! As súas pezas bucais so lles permiten sorber néctar e auga

🐛 Distribución: común, os adultos vense de xuño a outubro.

🐛 Lonxitude: ate 2 cm o corpo

🐛 Dimorfismo sexual: a femia é máis grande

🐛 Observacións: as longas patas sêrvenlles para desprazarse polas altas herbas, onde se concentran por centos numerosos machos e unhas cantas femias, cando se forma unha parella, vaise do grupo a un lugar máis "íntimo". Logo as femias poñen e soterran ate 1000 ovos cada unha. As larvas, tamén chamadas "vermes de coiro" aliméntanse de raíces, fan catro mudas e transfórmanse en ninfa, despois en adulto (imago).


Os machos "solteiros" vagan torpemente acudindo á luz, entrando moitas veces nas casas, onde, por descoñecemento, os "exterminamos" sen piedade. Eu vos invito a collela con coidado coa man e botala fora, pode que esté sufrindo "mal de amores";)

🐛 Máis información en:

<http://www.proyectoverde.com/tipula>

<http://es.wikipedia.org/wiki/Tipulidae>

<http://www.rios-galegos.com/ins54.htm#CARACTER%C3%8DSTICAS>.



O Paporrubio

Erithacus rubecula

🐦 Nomes comúns:

- outros nomes
galegos: peizoque, paporroibo, pisco... segue ti,
- euskera: txantxangorri
- castelán: petirrojo
- inglés: robin

🐦 Nome científico:

Erithacus rubecula

🐦 Clasificación:

- reino: *Animalia*
- filo: *Chordata* (Cordados)
- clase: *Aves*
- orde: *passeriformes*
- familia: *Turdidae*
- xénero: *Erithacus*

🐦 Nutrición: omnívoro

🐦 Distribución en Galicia: sedentario, pero no outono e inverno a nosa poboación vese moi aumentada pola chegada dos que crían no norte de Europa, que migran cara ó sur, buscando mellor tempo, algúns fican aquí o inverno, dise que son entón invernantes, e outros están so de paso, e seguen a súa migración máis ao sur.

🐦 Lonxitude: 13 cm Envergadura: 22 cm Peso: 16 g

🐦 Son máis común:

- reclama corto, "tick", que cando está nervioso prolóngase: "tick-ick-ick....". Na migración (outono-febreiro) podemos escoitar o seu reclamo insistentemente nos parques, patios dos institutos...
- alarma: emite un tsiieh... penetrante
- canto melodioso como é típico nesta familia (merlos, reiseñores...), máis entusiasta na primavera. Pero a diferenza da maioría das aves, estes cantan ambos sexos, e todo o ano. Débese a que é moi territorial.

🐦 Dimorfismo sexual: non teñen diferenzas apreciables a simple vista

🐦 Xuvenís: todo pardo a pintiñas, sen o babeiro rubio

🐦 Observacións: unha postura moi típica é ter as ás como caídas, co corpo moi erguido e con actitude desafiante. Eu penso que de aí lle ven o nome inglés. Tamén é curioso o confiado que pode chegar a ser coa nosa especie se o tratamos ben.

🐦 Máis información en:

http://es.wikipedia.org/wiki/Erithacus_rubecula neste enlace tedes o canto
<http://www.asturnatura.com/especie/erithacus-rubecula.html>
http://www.cinerea.org/erithacus_rubecula.htm

